

Mediante Resolución de Alcaldía nº 378/2010 do 20 de maio, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servicio determinado”, dunha praza de persoal de apoio (auxiliar) na organización do curso de “auxiliar de enfermería en xeriatria do Concello de Cabana de Bergantiños”

Transcorrido o prazo de 5 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal “La Voz de Galicia” e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Tendo en conta que a base quinta, punto primeiro establece que: *“Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en Dereito”.*

Observadas as instancias presentadas, e en virtude do previsto no artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos no procedemento de selección dunha praza de persoal de apoio para a impartición do curso de Auxiliar de Enfermería en Xeriatria, por ter presentado tódala documentación esixida nas bases de selección:

APELIDOS NOME	D.N.I
1.-Castiñeira Vilariño, Laura	79.333.668-K
2.-Centeno Costa, Diana	47.434.597-H
3.-Fernández Vázquez, Belén	47.377.422-K
4.-Martinez Rioboo, Estefanía	46.904257-N
5.-Pose García, Paloma María	79.332.236-S.
6.-Rodríguez Juncal, Raquel	79.331.179-Q.
7.-Santos Ferreira, Ana Belén	79.331.324-T
8.-Tasende López, Rocío	79.337.421-W.

SEGUNDO: Aprobar a seguinte lista provisional de excluídos, polos motivos que se indican:

1.-Fernández Cagiao, M ^a del Mar	53.168.209-Y.
---	---------------

Por non ter presentado copia do D.N.I, que esixía o punto 3 da base cuarta, e igualmente presentar a súa instancia o día 27/05/2010 na Delegación do Goberno en Galicia, sen que se teña constancia no Concello de ter remitido o aviso de presentación cando o punto 2 da base cuarta establece que *“(…)As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da*

solicitud de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.”

TERCEIRO: De conformidade co previsto no punto 2, da base quinta, conceder á aspirante excluída un prazo de 2 días hábiles a contar a partir da data de publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello (www.concello-cabana.com), para que poida subsanar as deficiencias observadas, debendo presentar no rexistro do Concello, fotocopia do D.N.I e xustificante de ter avisado da remisión da solicitude de participación (copia do fax, telegrama ...remitido).

CUARTO: Convocar igualmente ao Tribunal de selección e para **xoves día 10 de xuño ás 18:00**, na Casa do Concello, para a valoración dos méritos presentados polos aspirantes. De conformidade co previsto na base sexta punto 1, designar como membros do Tribunal de Selección:

- Presidenta: D^a. Gema Vázquez López. (Interventora do Concello)
- Secretario: D. Federico M. Suárez Cancelo (Secretario do Concello).
- Vocais: D^a. Yolanda Imia Antelo (Funcionaria do Concello).
- D^a. Silvana Facal Martínez (persoal laboral fixo do Concello).

QUINTO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.concello-cabana.com) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía